

A soidade dos ourizos

A todos nos custa rachar as barreiras da sociedade, e ese é un segredo compartido, algo do que nunca se fala, o centro do best-seller de Muriel Barbery. POR MONTSE PENA PRESAS

HAI NOVELAS que tentan reconciliarnos co noso día ao día, lembrándonos que cada xornada que vivimos é a continuación máxica –por non dicir milagreira– da vida. *A elegancia do ourizo* de Muriel Barbery é unha desas obras, porque consegue expresar polo miúdo e amodiño esa parte secreta do ser humano que parece gardarse só para un ata que alguén, de súpeto, a descobre. Renée Michel, a porteira dun edificio parisino da alta burguesía, e Paloma Josse, unha rapaza de doce anos veciña do mesmo, son as dúas voces narrativas que, a partir dos seus diarios e grazas á súa ollada aguda e nunca indiferente, van tecendo a arañeira da que se nutre a ficción, escaravellando na existencia dos outros habitantes e analizando polo miúdo a delas mesmas. A través das dúas protagonistas, a autora tenta amosar que, aínda que a dúas persoas as separe unha grande diferenza de idade e de situación social, a súa visión da realidade pode ser exactamente a mesma. Porque se Paloma se esconde na súa aparencia de nena silandeira, mais disecciona criticamente o comportamento un chisco idiota de case todos os adultos mesturándoo con haikus e cos seus pensamentos profundos, Renée escúdase no estereotipo de porteira para ocultar que o seu gato se chama León por Tolstoi, que pode “recitar” practicamente de memoria Ana Karenina e que é unha apaixonada do cine de Ozu. As dúas supoñen a mesma cara da moeda: a posibilidade de saír da corrente do grupo e mirar con outros ollos. Se ben a novela semella expresar nun primeiro momento que cada persoa acaba por representar o papel que idearon para ela, faino para avogar pola continua ruptura de imaxes preconcebidas, convidándonos a deixar a un lado os modelos sociais e furgar nos seres humanos –tamén en



A ELEGANCIA DO OURIZO
MURIEL BARBERY
Tradución de Mª Dolores Torres París
Galaxia, 2008
21 euros

nós mesmos: todos queremos fuxir dos padróns, aínda que nos agochemos neles–. Quizais sexa este o pouso máis valioso que nos deixa *A elegancia do ourizo*, eses animais que tamén enganan á vista porque se por fóra están cubertos de pugas, por dentro contan cun sinxelo refinamento que os fai ser “falsamente indolentes, tremendamente solitarios e tremendamente arrogantes” (páxina 181).

O LECTOR IMPLÍCITO
Porén, hai un outro estereotipo que non é posíbel tirar da obra: o lector implícito a quen vai dirixida a mesma. Ao sementar o texto das máis diversas referencias literarias, artísticas e culturais en xeral e recrearse nelas –dende os pintores flamencos do XVII até a filosofía de Guillerme de Ockam, sen esquecer un repaso pola terminoloxía gramatical nunha longa listaxe que non se podería traer aquí–, a autora elixe como destinatario un lectorado cunha formación relativamente ampla e un tanto cultureta, co que logra establecer un bo número de complicidades e para o que acertou a crear unha interesante –polo de inusual– fórmula de best-seller. Non obstante, se o que procura a lectora é acción argumental e unha historia –entendida no sentido máis tradicional–, e non gusta de



A escritora Muriel Barbery (Bayeux, Francia, 1969)

A NOVELA DE BARBERY DESTACA POLO COIDADO DA LINGUA, QUE RECUPERA O PRACER POLA ORACIÓN FERMOsa, CASE PARA RECITAR

tecnicismos lingüísticos ou freudianos, seralle complicado entrar na ficción, xa que Barbery delimitou con precisión –quizais demasiada– as chaves que dan acceso a ela. Malia a todo, esta sorte de 13, Rue del Percebe novelado e parisiense deixa un bo sabor de boca ao rematar. Polo coidado na súa lingua, que recupera o pracer pola oración fermosa, case con cadencia e para recitar, pola profundidade e poeticidade dalgunhas das súas imaxes e polo seu humor

sarcástico e acedo, tan especial como cómplice, que se ben se focaliza nos estereotipos, espándese tamén á crítica da educación superior baleira de contido ou á arte pola arte. E o máis importante, fainos ler e reflexionar sobre un segredo compartido mais escasamente nomeado entre nós: á maioría tamén lle custa rachar coa barreira da soidade. A fórmula semella ter éxito: Muriel Barbery leva xa máis de trinta edicións e un millón de exemplares vendidos. ■